



Manual de identidade corporativa

Este Manual de Identidade Corporativa responde aos criterios fixados na Orde do 7 de febreiro de 2008 (DOG nº 31, do 13 de febreiro de 2008), pola que se crea e regula o uso da marca **pescadeRías de onde se non?**.

O presente Manual de Identidade Corporativa recolle por tanto os elementos constitutivos da Identidade Visual de **pescadeRías de onde se non?**, e ten por obxecto a definición e regulamento dos usos e aplicacións da mesma.

Como elementos constitutivos do manual establécense os elementos básicos da identidade e as aplicacións cromáticas da marca, así como as normas de convivencia con outros logotipos e identidades.

O seguimento das pautas reunidas neste Manual sobre os usos permitidos e non permitidos garante que non se distorsionará a imaxe da Identidade Visual de **pescadeRías de onde se non?**.

Todas as reproducións que se fagan dos diferentes elementos do manual deberán ser sempre copia fiel do orixinal e das súas posibles versións, e haberán de producirse sempre coa mellor calidade que ofrezca o soporte no que se plasmen, sexa impresión, en pantalla, etc.

O manual é un documento de uso ineludible na aplicación dos elementos de identidade corporativa que nel se definen, dado o seu carácter normativo. Pero sobre todo, é un manual de consulta ao que se debe acudir para garantir o bo uso da imaxe gráfica de **pescadeRías de onde se non?**.

Índice de contidos

1. Elementos básicos da identidade
2. Tipografía
3. Normativa cromática
4. Área de protección
5. Tamaños mínimos de reprodución
6. Usos incorrectos
7. Convivencia con outras marcas
8. Tipos e formatos de arquivo para aplicar
9. Uso do logotipo



1. Elementos básicos da identidade

A marca pescadeRías de onde se non? declínase sempre en endoso, como entidade pública instrumental recollida no apartado A e B do art. 45 da Lei 16/2010.



2. Tipografía

A marca rexistrada **pescadeRías de onde se non?** foi creada empregando como base a familia tipográfica Helvetica Neue.

É importante ter en conta que a súa construción presenta variacións sobre a tipografía orixinal na altura, no grosor do trazo e nos remates dos caracteres, así como unha redución no espazo de interletraxe entre os caracteres.

Por todo isto **nunca se realizará unha construción da marca mediante a tipografía por parte do usuario**, empregándose en todas as situacións os elementos xa creados e facilitados xunto con este manual.

Helvetica Neue

Thin

Helvetica Neue

Bold

3. Normativa cromática

Como entidade pública instrumental recollida no apartado A e B do art. 45 da Lei 16/2010, sempre se empregarán na marca as cores recollidas e permitidas pola Xunta de Galicia, tal como aparecen reflexadas no seu propio Manual de identidade.

Versión en positivo

A versión da marca en positivo será a aplicación principal e recoméndase o seu emprego sempre que se poida, e sempre sobre fondos brancos ou fotografías que presenten un brillo suficiente para garantir un contraste adecuado.



MARCA EN POSITIVO

CMYK - 100, 35, 0, 0
RGB - 0, 123, 196
HEXADECIMAL - #007BC4
PANTONE - 7461 C
RAL - 5015

3. Normativa cromática

Versión en negativo

A versión da marca en negativo non presenta ningún tipo de variación, soamente o cambio de cor a branco.

Sempre que sexa posible, aplicárase esta versión en negativo sobre a cor azul institucional.



MARCA EN NEGATIVO



3. Normativa cromática

Versión en negro

A versión da marca en negro non presenta ningún tipo de variación, soamente o cambio da cor a negro.

Esta versión é a recomendada para empregar naquelas impresións domésticas ou realizadas con impresoras non profesionais.

Aplicarase sobre fondos de cor moi claros e cando por motivos de impresión non sexa posible empregar a versión principal en positivo.



MARCA EN NEGRO



3. Normativa cromática

Aplicación sobre imaxes

A persoa ou entidade implicada na aplicación da marca sobre unha imaxe, deberá avaliar a situación para escoller e decidir cal é a versión da marca que mellor se adapta ao seu caso concreto en función das características da propia imaxe.

FONDOS FOTOGRÁFICOS BRANCOS E/OU CLAROS



FONDOS FOTOGRÁFICOS DE COR E/OU ESCUROS



4. Área de protección

Establécese unha área de protección mínima arredor da marca que debe ser respectada e evitarse que sexa invadida por outro elemento.

Tomarase como referencia deste espazo a altura do escudo da Xunta de Galicia.



5. Tamaños mínimos

Establécese unha altura mínima na aplicación da marca para axudar a garantir unha correcta visibilidade e lexibilidade da marca.



TAMAÑO MÍNIMO DE REPRODUCCIÓN



6. Usos incorrectos

Nunca se realizarán cambios na marca que afecten ás cores, orientación, forma, posición, proporción, e marxes entre os elementos da mesma.



NON XIRAR O LOGOTIPO



NON REPRODUCIR O LOGOTIPO EN CORES NON CORPORATIVAS



NON DEFORMAR O LOGOTIPO



NON DEFORMAR O LOGOTIPO



NON EMPREGAR A VERSIÓN PRINCIPAL EN POSITIVO SOBRE FONDOS ESTRIDENTES



NON CAMBIAR A TIPOGRAFÍA



NON MODIFICAR ESPACIADOS ENTRE OS ELEMENTOS



NON FACER NUNCA CALQUERA TIPO DE CAMBIO NO SÍMBOLO

7. Convivencia con outras marcas

Nas diversas accións de difusión e comunicación en medios, daranse unha variedade de casos nos que a marca **pescadeRías de onde se non?** teña que convivir con outras marcas nun mesmo espazo. Ditas marcas poderán pertencer a organismos públicos, institucións, e/ou entidades privadas.

A marca **pescadeRías de onde se non?** sempre irá acompañada á súa dereita do logotipo **Cofinanciado pola Unión Europea**, a separación entre os dous logotipos será igual á anchura do logotipo principal da **Xunta de Galicia**. A separación entre os logos restantes será igual á anchura do símbolo.



8. Tipos e formatos de arquivo para aplicar

Xunto con este manual, facilítanse carpetas con tres tipos de arquivos para aplicar en función do seu destino.

Atoparemos en cada carpeta os distintos formatos da marca: positivo, negro e branco.

JPG

O tipo de arquivo JPG é un formato comprimido, ten unha resolución axustada e limitada.

O seu destino é fundamentalmente dixital e ten un fondo opaco.

PNG

O tipo de arquivo PNG non sofre perdas de compresión, pero ten unha resolución axustada e limitada.

O seu destino é fundamentalmente dixital e presenta un fondo transparente.

SVG

O tipo de arquivo SVG é un arquivo vectorial escalable sen perda de resolución.

O seu destino é fundamentalmente dirixido a medios impresos.

9. Uso do logotipo

O logotipo **pescadeRías de onde se non?**, debe ser sempre facilitado pola Consellería do Mar. O logotipo **pescadeRías de onde se non?**, debe conter sempre a cor corporativa e formato que se recollen neste manual.

A Unidade Administrativa competente da Consellería do Mar debe autorizar o uso do logotipo **pescadeRías de onde se non?**. O seu uso estará limitado ás seguintes organizacións:

- Entidades usuarias certificadas **pescadeRías de onde se non?**
- Entidades adheridas **pescadeRías de onde se non?**
 - A entidade de certificación aprobada pola Consellería do Mar, poderá usar o logotipo da marca en comunicacións con outras sociedades comerciais co fin de promover a súa actividade de certificacións, e nos certificados que se emitan a entidades usuarias que se certifiquen na marca **pescadeRías de onde se non?**
 - Calquera outra organización baseada en acordos individuais, sectoriais, colaboracións, publicacións, etc. sempre que contén coa autorización da Unidade Administrativa competente da Consellería do Mar

As entidades certificadas **pescadeRías de onde se non?** deberán usar o logotipo **pescadeRías de onde se non?**, só en conexión cos produtos para os que estean certificadas e producidos de completa conformidade coas condicións obrigatorias recollidas no regulamento do uso da marca.

A utilización do logotipo **pescadeRías de onde se non?** debe ser solicitado previamente á Consellería do Mar segundo o procedemento establecido para o mesmo. A Unidade Administrativa Competente da Consellería do Mar autorizará e validará o uso do logotipo.



As consultas relacionadas coa marca
pescadeRías de onde se non? remitiranse ao
seguinte enderezo electrónico:

pescaderiasdeondesanon.cmr@xunta.gal